

## O FARO DOS SEGREDOS

Sofía era unha rapaza dun pobo mariñeiro de Lugo, preto da zona de Viveiro. Gustáballe moito ler. Se non a atopabas no colexio ou xogando coa súa irmá pequena Marta, estaría lendo. O seu soño era chegar a ser unha escritora, xa que escribir era a única cousa coa que desfrutaba máis que coa lectura.

Todos os venres ía comer coa súa irmá a casa da súa avoa. Non coñecía mellor sitio que aquel. Ao rematar de comer, ía ao xardín traseiro, a unha sobreira grande de tronco groso. Aquel sitio considerado seu. Podía pasar horas baixo a sombra daquela árbore, mirando o ceo e escoitando as andoriñas cantar. Naquel sitio era onde todas as súas ideas xurdiran. Ela non o podía explicar: sentábase alí e era como se o mundo desaparecera, estaba ela soa cos seus pensamentos.

Un día díxollo á súa irmá, que só tiña nove anos, pero era moi espelida, e ela contestoulle: “Coa cantidade de ideas que tes, poderías escribir un caderno enteiro!”. E así o fixo.

Foi ao faiado e colleu dunha caixa un vello de caras moradas que antes pertencera ao seu avó. Non tiña moitas cousas del, e non o recordaba moi ben, xa que morrera cando ela tiña tan só sete anos. A maioría das súas cousas foran vendidas, tiradas ou empeñadas, polo que só quedaban uns poucos obxectos que Sofía conseguira conservar. Non o recordaba todo, pero si se acordaba da cantidade de horas que pasaban lendo contos e lendas.

El era fontaneiro, pero desde que se xubilou gustáballe escribir, polo que dende cativa, lle lía as súas historias ás nenas. Nunca publicara ningún libro, pero a nena estaba segura de que se o fixera, tería moito éxito.

Naquel caderno recollíanse as historias que ela pensara en tres anos, desde que tiña once. Esas historias eran moi variadas. Cando ela se poñía a escribir, podía inventar o que quixera.

Tanto te podías atopar nun barco pirata roubando polas vilas mariñeiras; como sendo unha serea que loita contra os barcos e as mareas; ou vivindo nunha árbore con milleiros de pequenas fadas... Podías ser o que ti quixeses, e iso era o que máis lle gustaba á rapaza das historias.

Pero o que máis escribía Sofía eran historias de misterio. Os contos fantásticos, de medo e de ciencia ficción tamén estaban ben, pero os seus favoritos eran nos que tiña que investigar roubos, desaparicións ou enigmas indescifrables. Ela nunca pensaría que algo así lle puidera ocorrer na realidade. Ata agora.

Era un día solleiro de verán. Faltaba só un mes para que as nenas empezaran o colexio. Sofía atopábase na praia coa súa amiga da escola Sara. Os demais rapaces da vila aínda non chegaran das súas cidades e elas xa estaban un pouco aburridas. Levaban toda a mañá na praia, xa que non había moito máis que facer. Mirando ao horizonte, viron como a néboa se achegaba máis e máis, e xa empezaba a ser difícil ver o faro.

Decidiron ir comer á casa de Sara, que vivía polo porto, pero polo camiño, escoitaron berros. Eran dunha muller que traballaba nas obras do edificio máis importante da vila. Alí vivía un famoso cantante, xa retirado, que tras unha época de estar de xira por todo o mundo, decidiu asentarse na vila. A muller dicíalles aos outros albaneis que vira a través da ventá como unha figura de baixa estatura levaba uns trofeos do cantante. Na esquina do edificio había un símbolo. Non era moi grande: estaba feito cun sprai vermello e representábase unha liña vertical cun semicírculo enriba. A elas parecelles moi estraño porque a vila era moi segura e nunca escoitaran que roubaran a ninguén, e moito menos que os ladróns debuxaran cousas sen sentido nas paredes dos edificios.

Pero a cousa non acababa aí. Unha semana despois, saíu na prensa que pola noite, lles roubaron a un matrimonio de anciáns un reloxo, uns medallóns e varias xoias de valor. No grupo de Sofía, ao que xa chegaran dous xemelgos de Pontevedra e unha nena de Santiago, levantáronse as sospeitas. A nena, que se chamaba Ana, tivo a idea de investigar o ocorrido, e así o fixeron.

Foron ao edificio do roubo, no que se deu a casualidade de que os xemelgos, Álvaro e Brais, vivían. Claramente, non podían entrar na vivenda, pero viron outra vez o símbolo, e que as tubaxes ao carón da porta estaban dobradas, como se alguén tratara de escalalas para chegar ao sistema de ventilación localizado xusto enriba, pero non lle deron importancia.

Tan só quedaba unha semana para que volveran á escola e eles aínda non descubriran quen era o ladrón. Pero un día, outro roubo tivo lugar. Esta vez, preto da zona do faro, e decidiron ir. Alá foron os cinco rapaces e quedaron pasmados. Roubaran todas as obras do museo! Non o podían crer, xa que pensaron que iso era case imposible.

Acercáronse a investigar e viron na parede o mesmo símbolo que atoparan nos dous casos anteriores, pero esta vez, estaba sen rematar. Coincidiron en que seguramente, as autoridades xa estaban chegando e ao ladrón non lle daría tempo a escapar se non apuraba.

E alí estaba. A proba que estaban buscando. Preto do sistema de ventilación, estaba o sprai vermello que o fuxitivo utilizara para pintar a parede. Subiron e só Ana, a nena máis baixiña entrou. Correndo, revisaron

todos os sitios nos que o ladrón roubara e en todos, a abertura do sistema de ventilación estaba forzada. Descubriran como o ladrón entrara!

Colleron uns mapas do sistema de ventilación e sumidoiros, e viron como todos os lugares ían ao mesmo sitio: o faro.

Todos pensaron que sería porque estaba máis preto do mar, pero Sofía, foi fiel ao seu instinto e interpretou esta aventura como unha das historias do seu avó. “Que pasaría agora?”, preguntouse. Rompeu a cabeza ata que decidiu que tiñan que ir alí, ao faro.

De camiño, o grupo tiña medo, xa que estaba anoitecendo e eles estaban camiñando sós entre a néboa, nunha zona deshabitada, pero estaban decididos a descifrar a solución deste enigma. Era un lugar moi misterioso, xa que sempre había unha densa néboa na que se distinguía a luz do faro. Cando estaban chegando, o ruído era arrepiante: só se escoitaba o vento e as olas do mar rompendo con forza no acantilado. Sofía, que estivera apuntando todo no seu caderno, ollou cara o horizonte emocionada. “Esta vai ser a mellor historia xamais escrita”, pensou. E de súpeto decatouse: aquel símbolo estraño cunha liña vertical e un semicírculo enriba representaba o horizonte. Así é como soubo que estaban indo cara a dirección adecuada.

Abriron a porta do faro e dentro atopárono. A persoa que levaban buscando dende hai varias semanas. Era un home baixiño, de feito, moi baixiño, que ao ver aos cinco rapaces pasmados exclamou: “Quen sodes e que estades facendo aquí!”. Eles calaron e mentres que o ladrón estaba inmóbil no centro da estancia, dispuxéronse a investigar o cuarto. A simple vista, estaba baleira, pero dentro dun baúl, atoparon todos os obxectos roubados: as xoias, as obras, os trofeos... Todos estaban entusiasmados, pero Sofía limitouse a sacar o caderno e empezar a anotar todo: inspeccionou todos os currunchos do faro e escribiu todo o que pasara nas últimas horas. A súa man recorría as follas a unha velocidade increíble mentres que os seus compañeiros chamaban á policía.

Eles ataran ao home nunha cadeira, e el abatido, miraba fixamente á parede. Quen sabe o que estaría pensando. Quizais estaba arrepentido do que fixera, pero aínda nese caso, el tiña que pagar as consecuencias polos seus actos. A policía chegou e arrestou ao home, que nin sequera se molestou en presentar oposición.

Ao día seguinte, o rumor de que os cinco rapaces detiveran ao ladrón estenderase. En menos dunha semana, os nenos saíron no periódico, nas redes sociais e incluso no telexornal!

Sofía, ao chegar á casa da súa avoa, o primeiro que fixo foi ir á sombra da sobreira, onde empezou a redactar a historia tal e como pasara, sen deixar atrás ningún detalle.

E así foi como ela, con tan só catorce anos, escribiu o seu primeiro libro e agora, cinco anos despois, é unha escritora moi recoñecida por escribir libros de misterio en galego para rapaces, xa que ela tamén era unha rapaza cando descubriu o que a apaixonaba. Sabedes como se chamaba aquel libro? *O faro dos segredos*

Xoaniña